Por que é importante lavar os dentes?

Materiais que necesitas

Un refresco de cola.

Tres ovos crus que simularán os dentes (a casca e o esmalte dos dentes teñen unha composición similar).

Un cepillo dental.

Auga.

Pasta dental.

Tres vasos transparentes.

Que tes que facer?

1 Introduce o primeiro ovo nun dos vasos co refresco de cola, este será o dente 1.

2 Colle outro dos ovos e somérxeo noutro vaso con refresco de cola. Este será o dente 2, que debes cepillar con pasta dental dúas veces ao día.

3 Por último, somerxe o terceiro ovo en auga. Este será o dente 3, que servirá de control deste experimento.

4 Deixa repousar os ovos dous ou tres días procurando cambiar o refresco de cola cada 12 ou 24 horas. Pasado este tempo, compara a cor dos ovos e extrae as túas propias conclusións.

Que vas observar?

Ao comparar a cor dos ovos observarás que o que marcaches como dente 2 non se escurece tanto como o 1. Isto débese á protección producida polo cepillado coa pasta dental antes de ser somerxido no refresco de cola. En canto ao dente 3, non se apreciará cambio de cor xa que a auga non produce ningún dano no esmalte.

© Grupo Anaya S.A. Material fotocopiable autorizado.